



ACTA DE CONTESTACION DE ALEGACIONES E SOLICITUDES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL EN PRÁCTICAS CON CARGO AO PROGRAMA O TEU PRIMEIRO EMPREGO

En relación coa solicitude presentada por dona Andrea González Estévez, con data 6 de outubro, o Tribunal do proceso selectivo para a contratación temporal en prácticas con cargo ao Programa O Teu Primeiro Emprego, determina o seguinte:

Visto que dacordo co establecido na convocatoria das bases de selección que regulan a contratación laboral en prácticas de dúas persoas sen experiencia laboral previa e de conformidade coas Bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O teu primeiro emprego”, vostede asina que declara coñecer na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e as acepta.

Visto que na base cuarta se indica expresamente que *Finalizado o prazo para a presentación de documentación, non se admitirá a entrega de ningún documento relacionado coa valoración de méritos, nin con outra fase do procedemento.*

O Tribunal acorda desestimar a súa petición.


En relación coa solicitude presentada por dona Andrea González Estévez con data 7 de outubro, o Tribunal do proceso selectivo para a contratación temporal en prácticas con cargo ao Programa O Teu Primeiro Emprego, determina o seguinte:


Visto que con data 5 de outubro aparece publicado na sede electrónica o acta do Resultado final do proceso selectivo do posto de administrativa, tal e como establecen as bases da convocatoria e tal e como establece a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Tribunal acorda desestimar a súa petición.

En relación coa solicitude presentada por dona Mónica Boente Porto, con data 6 de outubro, o Tribunal do proceso selectivo para a contratación temporal en prácticas con cargo ao Programa O Teu Primeiro Emprego, determina o seguinte:

Visto que dacordo co establecido na convocatoria das bases de selección que regulan a contratación laboral en prácticas de dúas persoas sen experiencia laboral previa e de conformidade coas Bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O teu primeiro emprego”, vostede asina que declara coñecer na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e as acepta.





Visto que na base cuarta das bases de selección se indica expresamente que *xunto coa instancia (Anexo I) debe achegarse entre outra documentación a xustificación da titulación esixida. Na titulación debe figurar necesariamente a data de fin de estudos e a nota media de estudos calculada para as titulacións universitarias polo RD 1125/2003, de 5 de setembro.*

O Tribunal acorda desestimar a súa petición

En relación coa solicitude presentada por don Rodrigo Pino Collazo con data 5 de outubro, o Tribunal do proceso selectivo para a contratación temporal en prácticas con cargo ao Programa O Teu Primeiro Emprego, determina o seguinte:

Visto que a candidata mencionada por vostede cumpre os requisitos establecidos na convocatoria do Programa O Teu Primeiro Emprego.

O Tribunal acorda desestimar a súa petición.

A secretaria

ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

